

TODO PÚBLICO

"TODO PÚBLICO ESCOLAR" PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2025/2026. OUTONO 2025

PROGRAMACIÓN PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- Cada grupo deberá estar acompañado, polo menos, por unha persoa responsable do centro.
- A programación de **educación infantil** está pensada para escolares **a partir dos 5 anos**.
- **A capacidade máxima** será de 300 espectadores/as (incluído o profesorado); ou o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.

En función das características do espectáculo e do nivel dos/as escolares, pódese producir unha redución da capacidade da sala.

ENTRADAS

Prezo do billete de entrada: 2,00 € por alumna/o para o alumnado de todos os niveis; e gratuíta para o profesorado acompañante.

RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS

1. As entradas deben ser retiradas e aboadas, no prazo que se asina no calendario que aparece a continuación.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaráselle as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
3. As entradas recolleranse no Forum Metropolitano, **con cita previa** (chamando ao teléfono 981 184 297). Recoméndase o pagamento mediante tarxeta de crédito.
4. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas ou aumentalas se quedan prazas vacantes.
5. Permitiranse un **máximo dun 10% de devolucións** (sobre as resevas feitas polo centro nun primeiro momento), sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. **O importe será devolto ao termo da función.** No caso de que fosen aboadas con tarxeta de crédito haberá que presentala.
6. A factura seralle enviada ao centro escolar posteriormente á función.

ACCESO AO FÓRUM METROPOLITANO

En autobús, acceda desde a Avda de Oza en sentido baixada para chegar á rúa Rio Monelos. Desta forma, os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Forum.

Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

BENVIDAS/OS AO TEATRO!

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, permanecerá na sala en todo momento, organizará a saída ordenada e intentará solucionar as posibles incidencias que se poidan presentar.

PAUTAS A SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO

- Vimos todas/os divertirnos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala. Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.
- **A hora indicada na entrada é a hora de inicio da función.** É aconsellable chegar ao Forum con 10 ou 15 min de antelación.
- Agradécese que a entrada e saída do edificio sexa en orde e no maior silencio posible, para evitar molestar ás persoas usuarias e traballadores do Forum.
- Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán ao auditorio portando cada unha a súa entrada.
- Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá o acceso ao auditorio.
- Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- **Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.**
- Non está permitido comer nin beber (excepto auga) no auditorio.

MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Realizarase limpeza e ventilación do auditorio antes e despois de cada función.

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade.

PROGRAMACIÓN:**TEATRO PARA EDUCACIÓN INFANTIL (5 anos) E EDUCACIÓN PRIMARIA**

Espectáculo	Compañía	Nivel educativo	Fechas	Horario	Duración	Fecha tope de abono
GABINETE MIRABILIA	Pablo Sánchez (Galicia)	El (5 años) - 1º ciclo EP	3 octubre 2025	10.00 y 12.00 h	50 min	29 septiembre 2025
A NENA QUE VIVÍA NUNHA CAIXA DE MISTOS	Caramuxo Teatro (Galicia)	El (5 años) - 1º ciclo EP	14 noviembre 2025	10.00 y 12.00 h	45 min	10 noviembre 2025
TROGLODITAS	Tanxarina (Galicia)	2º y 3º ciclo EP	21 noviembre 2025	10.00 y 12.00 h	50 min	17 noviembre 2025
HISTORIA DUNHA NENA NAMORADA DO MAR	O Sol de Outono (Galicia)	2º y 3º ciclo EP	5 diciembre 2025	10.00 y 12.00 h	45 min	1 diciembre 2025
FRIDA	A Cova das Letras (Galicia)	El (5 años) - 1º ciclo EP	12 diciembre 2025	10.00 y 12.00 h	50 min	9 diciembre 2025

TODOS OS ESPECTÁCULOS SERÁN NO **FORUM METROPOLITANO**



GABINETE MIRABILIA de Pablo Sánchez (Galicia)

3 outubro de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a Educación Infantil (5 anos) e 1º ciclo de Educación Primaria



Teatro de animación á lectura, contacontos

Gabinete Mirabilia é un espectáculo inspirado nos cuartos das marabillas ou gabinetes de curiosidades, armarios ou pequenas estancias onde se colleccionaban obxectos encantados e misteriosos, aparellos científicos, antigüidades, exemplares exóticos e todo tipo de prodixios.

Esta particular colección dará pé a unha serie de relatos e historias a medio camiño entre o real e a fantasía, entre o máxico e o científico... entre o engano e a diversión.

Unha peza de narración oral e obxectos co que Pablísimo celebra 25 anos enriba dos escenarios.

Duración: 50 minutos
Espectáculo en lingua galega

Autor, director e intérprete: Pablo Sánchez



A NENA QUE VIVÍA NUNHA CAIXA DE MISTOS de Caramuxo Teatro (Galicia)

14 novembro de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a Educación Infantil (5 anos) e 1º ciclo de Educación Primaria



Teatro de actriz e monicreques

A nena que vivía nunha caixa de mistos é un espectáculo de Caramuxo Teatro inspirado no conto “A vendedora de mistos” de Andersen.

Unha peza cunha linguaxe contemporánea e multidisciplinar que trata o tema da pobreza infantil e a orfandade, mais cunha mensaxe positiva sobre o poder do cambio. Unha proposta de teatro de actriz e monicreques case sen palabras, que recorda as películas clásicas en branco e negro. O espectáculo, que conta con música en directo, é a terceira parte da triloxía sobre os contos populares, que empezou con “As fabas máxicas”, continuou con “Feo” (Premio María Casares a Mellor Espectáculo Infantil) e remata con esta peza.

Unha nena camiña pola rúa dun lugar a outro coa súa caixiña de mistos, a casa onde pasa a noite. Pola mañá sae pola vila para lle vender mistos a quen os necesite. No día a día, coñece unha morea de personaxes e dous pequenos amigos, un ganso e unha gata que mudarán de vida para sempre.

Duración: 55 minutos
Espectáculo en lingua galega

Autoría, dirección e elenco: Laura Sarasola e Juan Rodríguez



TROGLODITAS de Tanxarina (Galicia)

21 novembro de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 2º e 3º ciclo de Educación Primaria



Teatro de actores e manipulación de monicreques de variña

Tres trogloditas invítannos a entrar no primeiro teatro da Prehistoria. A cova, onde imos asistir a un cómico espectáculo cheo de humor e tolería. Unha insólita función onde, da man dos monicreques e das súas habilidades máis primitivas, imos coñecer a forma de vida dos nosos antepasados máis divertidos. Unha sorprendente ambientación. Unha orixinal linguaxe e unha prehistórica escenografía que farán que as persoas espectadoras perdan durante a representación o sentido do tempo e do aburrimiento.

Trogloditas é un espectáculo no que os actores protagonistas conseguen trasladar as persoas espectadoras até a Prehistoria, cun humor que roza o absurdo, grazas a unha lograda ambientación, un vestiario abraiante a cargo de Carlos Alonso e unha orixinal linguaxe.

Duración: 50 minutos
Espectáculo en lingua galega

Elenco: Miguel Borines, Andrés Giráldez, Paulo Medal
Dirección: Evaristo Calvo



HISTORIA DUNHA NENA NAMORADA DO MAR, de O Sol de Outono (Galicia)

5 decembro de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 2º e 3º ciclo de Educación Primaria



Teatro comedia, música, monicreques

Esta historia fala dos soños, da vontade de ser e chegar a ser o que a nosa alma expresa, sobre todo para unha nena galega que nace e medra preto do mar. Ela quere ser mariñeira.

Fala do empoderamento persoal como muller nunha profesión de homes, de aprender por si mesma a nadar, a remar, a falar coa xerga do mar, a compartir o que ten e a namorarse coa xente do mar e a xerga do mar. O público divírtese a través das dramaturxias visuais e conexas. As mensaxes sobre o cambio climático, o coidado do mar e sobre todo o sentimento de pertenza e respecto á natureza son o eido principal da peza.

Duración: 45 minutos
Espectáculo en lingua galega

Elenco: Soraya Lema Carballo
Dirección: colectiva

FRIDA, de A Cova das Letras (Galicia)

12 decembro de 2025 – 10.00 e 12.00 h

Dirixida a Educación Infantil (5 anos) e 1º ciclo de Educación Primaria



Teatro físico, musical e monicreques

Frida, unha peza que se presenta como unha festa de cores dos traxes mexicanos, evocando a paleta dos cadros de Frida Kalho e recreando algúns deles a través do corpo en movemento e dos obxectos.

Un día, Frida, unha adolescente “aburrída da vida”, descobre unha marabillosa carta que a súa avoa Henriqueta lle escribira a Frida Kalho. Nela dáballa as grazas por mostrarlle que a arte é un talismán que o cura todo. A partir de entón, comeza un proceso de transformación que evolucionará a vida da cativa e todo o que está ao seu arredor. A maxia da arte fará que a creatividade de Frida se dispare, fará que pinte cadros, que cante, que baile, que vista o espazo coas cores da vida e que, á fin, coñeza a Frida Kalho.

Duración: 50 minutos

Espectáculo en lingua galega

Elenco: Cristina Collazo

Autoría e dirección: Cristina Collazo e Martiño Mato